


Un prego de cordel descoñecido sobre o caso de Manuel Blanco Romasanta: o "home do unto" e unha escolma bibliográfica sobre o mesmo

FELIX FRANCISCO CASTRO VICENTE



O proceso de Manuel Blanco Romasanta, "o sacaúntos", "o sacamanteigas", "o lobo da xente", "o home do unto", tamén chamado "O Home Lobo de Allariz", por ser o partido xudicial de Ourense en que foi xulgado alá polo ano 1852 por uns crimes cometidos nas marxes da Serra de San Mamede, causou sensación na súa época e foi seguido polos xornais de toda España e a prensa internacional, que se fixo eco deste por ser un dos poucos procesos modernos no que se xulgaba un lobishome, que se enfrentaba co pensamento racionalista imperante no s. XIX.

Manuel Blanco Romasanta, nado en 1809 en Regueiro, Parroquia de Santa Baia, do concello ourensán de Esgos, era un home común, de 1,37 metros de altura e moi normal de aspecto. De profesión tendeiro ambulante, dedicábase a viaxar de aldea en aldea vendendo todo tipo de xénero (entre outras cosas, roupas e enfeites) e facendo calquera labor que lle encargasen, xa que dominaba numerosas tarefas (xastre, peneireiro, segador e outros traballos considerados femininos naquela época, como fiar, tecer, traballar a la, coser, etc.). O seus negócios obrigábanlo a facer decotío longos percorridos e marchar durante tempadas, cando viaxaba cara ás veciñas rexións de León e de Castela, chegando incluso ata Santander. Contaba cunha cultura un pouco superior á media da súa época, ademais de saber ler e escribir.

En 1843, fuxindo dos seus primeiros crimes, entre eles a morte dun alguacil de León, asentouse en Rebordechao, Concello de Vilar de Barrio, da comarca da Limia, ao abrigo da Serra de San Mamede e dos cumios do Invernadoiro, nas casas da Ermida, lugar a menos altitude que Rebordechao e que non é unha aldea propiamente dita, segundo os paisanos, senón un grupo de casas para gardar o gando por tempadas. Unha vez que

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA




Casas de A Ermida

se asentou alí, gañou rapidamente a confianza da xente e realizou todo tipo de tarefas e encargos e fixo, decotío, de criado do pároco, Pedro Cid. Dous anos despois empezou a saír de novo polas corredoiras comerciando por todo o Macizo Central ourensán e por Laza e Verín, no val do Támega, e chegou ata a veciña Chaves, en Portugal.

A zona do macizo central ourensán sempre foi unha zona recóndita, illada, con abondosas aldeas de montaña, onde era relativamente doado refuxiarse e evadir a acción da xustiza. Inda entrado o séc. XX, o val do Támega foi escenario de tantos crimes que semellaba que os criminais eran intocables e que o peso da Xustiza non caía sobre eles, tales foron os casos dos famosos Cesáreo Abril e "O Bombo", que durante anos tiveron aterrorizados os habitantes do val.

Con fama de servicial e bo cristián e un profundo coñecemento dos camiños e as rutas de montaña, dada a súa profesión de tendeiro ambulante, non era estranxo que os seus paisanos aproveitasen as súas viaxes cara a León para que lles servise de guía polas montañas do macizo



Camiño de A ermida a Rebordechao

central ourensán, que abarca as zonas de Montederramo, Manzaneda, Queixa, O Invernadoiro e O Val de Conso, unha das zonas más illadas e agrestes de Galiza.

E así empezou a lenda do lobishome ourensán, cando comezou a acompañar en viaxes a Santander a diversas mulleres das aldeas de Castro de Laza e Rebordechao. Varias delas eran irmás, das familias García Blanco e Rúa, que marchaban cos seus respectivos fillos, e coas que as unía previamente unha relación sentimental. Deixaban as aldeas coas promesas de boa colocación na casa dun cura en Santander. Para facer fronte á viaxe e ter recursos alá onde ían, vendían as súas poucas pertenzas, ás veces incluso ao propio Romasanta, e despois el acompañabaas en tan longa viaxe.

Ao pouco tempo, os seus parentes recibían por Romasanta cartas súas nas que contaban o ben que estaban e animaban as súas irmás e familiares a marchar xunto delas. Hai que ter en conta que naquela época era común que a xente que non soubese escribir encargase as cartas a outras persoas que soube-



Vista do Pobo de A Ermida

sen, polo que a letra das cartas non era identificadora como hoxe en día.

Ao non ter máis noticias da xente, agás por Romasanta, empezouse a correr pola contorna a voz de que o propio Romasanta mataba as mulleres no curso da viaxe para quitarles o unto e logo facer negocio vendéndo na botica de Chaves, onde facían preparados para as señoritas, de aí que fose alcumado como “o do unto” ou “o home do unto”. Foron un total de nove persoas as que desapareceron nesas viaxes.

O dixomedíxome converteuse finalmente nun clamor popular e Romasanta decidiu pór terra de por medio e marchar o máis lonxe posible. No 1851 marchou para Castela con nome falso, o de Antonio Gómez. E en 1852, en Nombela, partido de Escalona, Toledo, atopárono e reconéceronlo por casualidade tres paisanos seus e denunciárono ás autoridades. Foi preso e levado ao Xulgado de Verín, onde confesou os seus crimes e que os cometera baixo a forma de lobishome. A partir disto, o que podía ser un xuízo máis por asasinato, pasaría á historia como un dos poucos xuízos celebrados por licantropía, e o de meirande repercusión de todos os tempos.

Romasanta confesou que, convertido nun lobishome, matara trece persoas empregando únicamente a súa boca e gadoupas, xunto cun tal Genaro, valenciano, e un tal Antonio, alacantino ou



Estatua de San Pedro

castelán, que tiñan a súa mesma maldición de converterse en lobos e vagar polas montañas durante tempadas, alimentándose de carne humana. Tamén confesou que, para se converter en lobo, espíase e envorcábase na terra e permanecía baixo esa forma durante varios días e que esa “fada” (maldición) a tivera dende o ano 1839 ata o San Pedro (29 de Xuño) de 1852 –curiosamente San Pedro, que é o patrón da parroquia de Castro de Laza (igrexa construída cara ao 1795), polo visto ten man para as maldicións e males de ollo-.

Dende Verín foi trasladado a Allariz, xulgado onde se unificou e seguiu finalmente a causa, co nº. 1778, co título de “Causa contra el hombre lobo”, que se conserva áinda hoxe no Arquivo do Reino de Galicia; ocupa cinco grosos volumes. A sentenza, ditada na primeira instancia o 6 de abril de 1853, condenába o morte mediante garrote vil e foi revogada inicialmente pola Audiencia da Coruña en sentenza de 9 de novembro de 1853, na que se cambiou a pena pola de cadea perpetua. Non obstante, nunha segunda sentenza en 1854, resolvendo o Recurso de Súplica interposto polo Fiscal, a mesma Audiencia confirmaba a pena de morte ditada en primeira instancia, pena que foi conmutada pola de cadea perpetua por indulto da Raíña Isabel II.

O indulto foi posible grazas ás xestións do avogado defensor Manuel Rúa

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

**UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA**

DICTAMENES FISCALES,

EMITIDOS POR EL SR. LA BASTIDA

EN LA CAUSA FORMADA EN EL JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA DE ALARIZ,
DISTRITO DE LA CORUÑA, CONTRA MANUEL BLANCO ROMASANTA,
CONOCIDO POR EL HOMBRE LOBO POR VARIOS ASASSINATOS.

Seguidos del informe pronunciado por el Sr. Rua Figueroa defensor del acusado
en el acto de la vista en grado de súplica interpuesta por el Ministerio público.

El fiscal de S. M. ha examinado la causa seguida contra Manuel Blanco por varios homicidios, la cual, en un país en donde por desgracia la escuela de los crímenes crece cada día de una manera alarmante, tuvo desde un principio el triste privilegio de llamar poderosamente la atención pública, no sólo por la naturaleza y gravedad de los sucesos á que debió su origen, sino porque la imaginación de los habitantes de los pueblos comarcanos, los había revestido de circunstancias favorables, que les daban un carácter enteramente especial, y que hacia aparecer más repugnantes. Bajo distinta forma y de diferente modo, vino á avisar la curiosidad y aumentar el misterio el mismo procesado, confesándose autor de una serie de inauditas atrocidades, que decía haber ejecutado bajo la influencia de una de las alucinaciones más espantosas que puede padecer la imaginación enferma de un hombre. Los adolecentes hechos en y en todo lo que puede contribuir á perfeccionar la eritica filosófica, la publicidad de los debates legales, y el respeto que en las actuales sociedades se tributa á los derechos y á la persona del ciudadano, exigían de consumo que las actuaciones, dirigidas con serena imparcialidad, proporcionasen todos los datos posibles acerca de los hechos controvertidos, á fin de apreciarlos en su origen, en su conjunto y en sus detalles con la mayor exactitud. Así lo ha encargado repetidas veces el Tribunal, y para conse-

Ditámenes Fiscales

Figueroa e á influencia decisiva dunhas cartas enviadas polo Dr. Philips, profesor en electrobioloxía -denominación exótica empregada nos Estados Unidos para denominar o hipnotismo nos seus primeiros tempos-, onde expuña as investigacións experimentais levadas a cabo por el mesmo, segundo as que os homes chegaban a crerse lobos, grazas ás prácticas hipnóticas, e o interesante que era polo ben da ciencia deixar vivo a Romasanta para que puidese ser estudiado e intentar reverter o seu mal. Este tal Dr. Philips chamábase realmente Joseph Pierre Durand De Gros (1826-1900) e foi un dos precursores do hipnotismo en Europa. Foi exiliado de Francia a Inglaterra e residía en Alxer na época do proceso contra Romasanta. Cando viu no Diario de Alxer "El Akbar", do 3 de xullo de 1853, un artigo sobre o xuizo co título "L'Antropophage Gallicien", decidiu escribirle á Raíña Isabel II para mediar no caso.

Non se sabe que ocorreu con

Romasanta, despois do indulto foi parar ao cárcere de Celanova (Ourense) para cumplir alí a condena de cadea perpetua e nunca máis se soubo del. Algúns din que morreu no cárcere pouco despois; outros, a versión quizais más popular entre os paisanos, que foi asasinado por un garda que o levou á montaña para que alí probase que era verdade que se podía converter en lobo e que as balas non lle causaban dano...

O certo é que na memoria colectiva da zona se foron diluíndo as lembranzas históricas do suceso e converténdose cada vez más en feitos lendarios. Empregábase decote o "home do unto" como "home do saco" para asustar os nenos desobedientes e foron quedando anacos da lenda que ás veces non tiña relación coa realidade histórica. Un exemplo é a lenda de como foi descuberto unha noite que fá acompañando a unha muller e chegaron ao medio do monte onde Manuel tiña un pote ao lume. Díolle á muller que tiña que afastarse un intre e advertiuelle que non se lle ocorrese levantar a tapa do pote. Ao pouco tempo a muller, curiosa, levanta a tapadeira e ve nadando no caldo unha man humana... Foxe chea de arrepío, perseguida por Romasanta, e consegue chegar á aldea máis próxima e contar que eran verdade os rumores que se contaban del...



Reconstrucción fisiognómica realizada por García Mañá no libro "O Home do Unto" de J. Domínguez y L. Blanco

Curiosamente as lendas sempre se refieren más á faceta de sacamanteigas e menos á de lobishome, seguramente porque esta última non conseguiu calar entre os paisanos, quizais polo escepticismo ou porque a figura do sacaúntos xa tiña pleno vigor nos rumores que circulaban sobre el, e o rumor do lobishome non logrou desvirtuar esa imaxe.

Facer unha bibliografía sobre Romasanta sería algo bastante prolixo e arduo se se tivesen en conta os artigos de xornais, revistas, citas e capítulos en libros que saíron sobre todo estes últimos anos. Case todos estos estes libros e artigos, por moito que digan que investigaron, non achegan ningún dato novo de valor ao descrito anteriormente por outros autores, polo que nos limitaremos a citar fundamentalmente os libros dedicados exclusivamente a Romasanta e ao seu mito e outros que, ainda que non o fosen exclusivamente, teñen, ao noso xuízo, un verdadeiro valor para o tema. Comezaremos citando os pregos de cor del que se publicaron estando en curso o proceso contra Romasanta. Só coñecemos un que relata o seus arrepiantes crimes e dáo xa por axustizado e morto en 1853. Ningún autor que coñezamos mencionou ver un destes exemplares, unicamente facía referencia a eles o propio avogado Manuel Rúa Figueroa nas vistas perante a Audiencia da Coruña no mesmo ano 1853, citándoos do seguinte xeito: "También llegó a sus manos durante la sustanciación de la causa otro cuyo protagonista era su defendido: la exactitud de su relación se puede deducir del epígrafe que lo encabeza "Nueva relación y lastimoso romance reducido á manifestar al público, de las muchas muertes ejecutadas por el reo Manuel Lobo, del Reino de Galicia, como les abria y les sacaba el unto, y la justicia que se ejecutó con dicho reo en la villa de Celanova en este año de 1853 que verá el curioso



EL ALARBE DE MARSELLA.

EJEMPLAR CASTIGO QUE HA EJECUTADO DIOS NUESTRO Señor con un caballero de la ciudad de Marsella, par haber dado muerte á su padre y á un hermano suyo, y otras varias atrocidades que había practicado.

A la celestial Princesa,
Madre del divino verbo,
le pido me dé su gracia,
porque sin ella no puedo
mover mi rústica pluma,
ni dar á entender al pueblo
lo que sucedió en Marsella
á un desdichado mancebo,
por sus torpezas y vicios,
y sobrado atrevimiento.
Y así con el favor sumo
de la que es Reyna del cielo,
daré principio á la historia,
para que sirva de ejemplo
á los que siguen los vicios
y los dailetes del suelo.

En la ciudad referida
residió un Caballero,
este tal tenía un hijo,
cuyo nombre no reciero,
mas diré que era un alarbe,
según lo dirán sus hechos.
Apenas llegó á quince años,
quiso vivir tan travieso:
que á sus padres les perdía
los mas días el respeto:
no por falta de doctrina,
pues le tenía un maestro:
su padre que lo enseñaba:
y él atrevido y soberbio:
así que se le antojaba,
solo por no estar sujeto

UN PREGO
DE CORDEL
DESCONOCIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

Alarbe Marsella

lector". No tiene año ni lugar de impresión. "

Precisamente Rúa Figueroa sostiña que os romances e pregos de crimes que empregaban os labregos e clases populares para o seu espairexemento nas longas noites de inverno os inducían ao crime, que eran unha especie de lacra social que envenenaba a mente dos que os lían e podían inspiralos para cometer os crimes más atroces (algo así como o que pasa hoxe con certo tipo de cine e televisión, que, segundo algúns, pode inspirar as mentes perturbadas e desequilibradas a levar a cabo as súas perversas accións). Dicía que "En los romances a que me refiero no vemos sino célebres bandoleros que han hecho del robo y de la muerte su única profesión; mujeres que desobedientes y descocadas han sobrepujado á los más abominables bandidos: estos son los elementos de enseñanza de muchos, de innumerables criminales; la ignorancia, la miseria se encarga de com-

pletar la triste obra”, e que así pensaba que lle ocorrera ó seu defendido.

Outros romances que cita Rúa Figueroa son “*El Alarbe de Marsella*”, prego de cordel moi popular na súa época, onde Deus converte un cabaleiro nun horrendo monstro con cabeza de dragón, pezuños de vaca e gadoupas, rodeado de cobras, en castigo por matar o seu pai e innumerable xente, e foi engulido despois polo lume do inferno, tal e como se amosa na imaxe pertencente a un prego da imprensa de Ignacio Estivill, de Barcelona, de inicios do séc. XIX. Outro prego trata do horroroso sacrilegio cometido por dous mozos, Juan Ramírez e Agustín Carrera; Deus castigounos por isto e converteunos en lobos no ano 1843.

Como se pode ver, a conversión dunha persoa en monstro ou animal por mor dalgunha maldición ou castigo por algún sacrilegio ou críme cometido non era un tema alleo á literatura e ao imaxinario popular da época, polo que non debía ser chocante un romance que relatase o caso dun home convertido en lobo por unha maldición. A meirande parte destes relatos, a pesar dos datos de nomes, datas e lugares para dar verosimilitude, podían ser considerados ficticios polo marabilloso das historias, como acontece hoxe cos relatos de sucesos paranormais, e como tal debían ser considerados seguramente polos seus lectores, que lles concedían como moito o beneficio da dúbida. Pero no caso de Romasanta, cun proceso xudicial en curso naquelas datas e plenamente real, xa o propio romance clarifica que é un “romance histórico” para marcar a diferenza.

Nunca viramos citado ningún prego de cordel sobre a historia de Romasanta por ningún autor, a pesar do interese que podía ter o tema para a literatura e cultura galega, e comezamos a mercar libros sobre pregos de cordel coa esperanza de achar algúns que si fixese referencia a el.

Finalmente achámolo na magnífica obra do bibliófilo Francisco Mendoza Díaz-Maroto *Panorama de la literatura de Cordel española*, Ollero & Ramos Editores, ano 2000. Francisco Mendoza Díaz-Maroto, é un dos bibliófilos más recoñecidos do panorama español, sobre todo pola súa faceta de bibliofilógrafo (termo acuñado por el mesmo, que definiría a un escritor de obras de referencia sobre a bibliofilia e que describe as propias da súa colección).

Nesa obra sobre os pregos de cordel tenta facer unha clasificación sistemática do mundo da literatura de cordel en España e toma exemplos da súa colección de arredor dun milleiro de pregos de cordel. Na páxina 142 da obra, onde se inaugura a sección sobre asasinatos e crímes horrorosos, aparecía a portada dun romance, con título distinto ao citado por Vázquez Figueroa: “*ROMANCE HISTÓRICO, el que manifiesta los horrores crímenes cometidos en Galicia por Manuel Blanco Romasanta, de edad 43 años, Vecino de Regueiro, Partido de Allariz, transformándose en lobo por una maldición que su padre le había echado, comiéndose las personas que mataba, como á sido descubierto y el juez de dicho partido le ha aplicado la pena de muerte en el mes de junio de 1853*”.

Pepe Grau, libreiro anticuario e director da revista *Híbris* de bibliofilia, facilitounos o contacto de Francisco Mendoza Díaz-Maroto, que nos cedeu amablemente unha copia do prego de cordel, que é o que reproducimos neste artigo para a súa difusión.

Segundo reza é propiedade de Eugenio Bahamontes, feito na imprenta de José María Marés, C/ Relatores nº. 17, Madrid, sen data de impresión nin número de serie. Ten catro páxinas, de tamaño dunha cuartilla, a primeira delas adornda cun gráfico e truculento gravado dun lobo á entrada dunha cova rodeado de

membros humanos e coa pata encima dunha vítima e, ao lonxe, unha aldea. Sorprende o tamaño e calidade do gravado, sen dúbida co fin de impresionar os futuros compradores, e destacan as palabras "Manuel Blanco" e "Romance histórico". Está composto en versos octosílabos, de rima asonante, e segue o esquema de décima: abbaaccddc.

Dunha primeira lectura, vese o informado que estaba o seu autor, xa que fai referencia a detalles que só se poderían coñecer tendo acceso á causa. Conta que o pai de Romasanta lle botara a maldición á idade de trece anos, "fada" que se fixo efectiva un día que Manuel Blanco se atopou con outros dous lobishomes na Serra de Couso. Pon os nomes de todas as vítimas (Antonia Rúa e os seus dous fillos, Josefa e o seu fillo Andrés, Manuela e a súa filla Paz, Benita e o seu fillo). Di que se ocultaba nunha cova da Serra de San Mamede e incluso engade outras víctimas más dubidosas (unha vella preto de Fornelo, un pastor na Serra de Albar). O prego remata contando que no mes de xuño de 1853 se lle deu morte a Romasanta, cousa curiosa cando, como xa dixemos, non acabou así a súa sorte, senón que lle foi concedido o indulto en 1854 e conmutóuselle a pena de morte pola cadea perpetua.

Despois dos pregos de cordel coetáneos ao proceso, a seguinte obra publicada foi "Reseña de la causa formada en el Juzgado de 1^a. Instancia de Allariz, Distrito de La Coruña contra Manuel Blanco Romasanta, EL HOMBRE LOBO, por varios asesinatos, ordenada y publicada por R. F. Madrid, Imprenta de la Viuda de Don Antonio Yenes, Plaza del Progreso núm. 12", de 1859, obra en oitavo maior, de 225 páxinas, que foi reeditada por TECNOS no ano 2000 e da que só conseguimos unha fotocopia da edición orixinal.

O autor non é outro que Manuel Rúa

RESEÑA

DE LA

CAUSA FORMADA

EN EL JUZGADO DE 1.^a INSTANCIA DE ALLARIZ,

DISTRITO DE LA CORUÑA,

CONTRA MANUEL BLANCO ROMASANTA,


EL HOMBRE LOBO,

POR VARIOS ASESINATOS.

ORDENADA Y PUBLICADA

POR

R. F.



Alodrid:

IMPRENTA DE LA VIUDA DE DON ANTONIO YENES,
Plaza del Progreso, núm. 12.

1859.

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

Portada reseña. Causa Romasanta

Figueroa, o avogado que defendeu o caso perante a Audiencia da Coruña, que na obra fai unha recensión de toda a causa, dende o inicio do proceso, áinda que dedica moito máis espazo na obra á parte do proceso en que se ocupou el do caso, incluíndo literalmente os discursos do Ministerio Fiscal e del mesmo, xunto con algunas das últimas sentenzas recaídas no procedemento e as cartas dirixidas á Raíña Isabel II polo tema do indulto.

É dicir, non inclúe literalmente os informes do anterior avogado defensor nin a sentenza ditada en Allariz, senón soamente o que se refire á súa intervención. Do anterior fai unha referencia das circunstancias de interese para coñecer a historia de Romasanta e do proceso, pero sen copiar textualmente praticamente ningunha parte, como fai logo cos informes orais.

Estes informes orais tamén aparecen recollidos no libro *Colección de DISCURSOS FORENSES. Tomo Primero*, publica-


UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

do no ano 1861 pola imprenta de Luis Tassó, de Barcelona, no que aparece recollida a cita aos pregos de cordel citados na páxina 151. Esta obra, en oitavo maior, de 195 páxinas, encadernada en pel, reproduce os informes do fiscal La Bastida e do avogado Rúa Figueroa, igual que na recensión. A obra ten o seu interese, xa que nos indica a relevancia que tivo o caso na súa época. Aparece no primeiro tomo dunha colección xurídica dedicada, segundo di o seu prólogo “a recoger los principales discursos forenses y las alegaciones en Derecho más notables, usando una parte de “El Foro” a la recopilación de estos monumentos científicos cuasidesconocidos, sin distinguir entre los nacionales y los extranjeros”. O primeiro é un discurso sobre a disolución do matrimonio de Antonio Toman, por impotencia ou frialdade do home ou da muller, e o segundo, o de Romasanta.

Entre o ano 1863 e 1929 houbo unha paréntese que nós saibamos, e non foi ata 1929, co discurso de ingreso na Real Academia Galega do historiador e escritor ourensán Vicente Martínez-Risco titulado “Un caso de lycantropía, Manuel Blanco Romasanta” (publicado posteriormente pola Real Academia Galega e Editorial Moret, en 1971), cando alguén trata novamente o tema de Romasanta e por primeira vez dende unha perspectiva etnográfica e case antropolóxica. Risco volveu a ocuparse da licantropía cun traballo máis curto publicado nos cadernos 3º e 4º do tomo I da Revista de Dialectología y Tradiciones Populares do ano 1945, co título “El lobishome” (páxs. 514 a 533), onde incluso se facía eco dun suceso que lle ocorreu en 1932 ou 1933 a un paisano de Piñeira de Arcos, na costa da Fontenla, na estrada de Villacastín a Vigo, que fora atacado por un lobo que se lle puxera sobre dúas patas; como tentou dispararlle coa escopeta e non lle saíu o tiro, difundiuse a crenza de que había un lobishome na

zona. Tamén dedicou unhas páxinas (entre elas a 290 e 291) no apartado de “Cultura Espiritual” no Tomo I, “O home”, da obra Historia de Galiza, dirixida polo escritor ourensán Ramón Otero Pedrayo, que se publicou por primeira vez na editorial Nós, de Bos Aires, Arxentina, no ano 1962.

No campo da ficción, no ano 1947, a novela de Carlos Martínez-Barbeiro *El Bosque de Ancines*, (obra en oitavo maior, encadernada en cartoné con cubertas, de 221 páxinas) fai que o mito Romasanta chegue ao grande público do século XX, aínda que co nome do protagonista cambiado polo de Benito Freire e algo alterados os feitos. A novela, finalista do premio Nadal, consegue un grande éxito de público e crítica. Foi publicada por Ediciones Aymá, de Barcelona, reeditada no ano 1966 e más recentemente por Laiovento, Santiago de Compostela, 1998. Martínez-Barbeito escribiu a súa primeira novela inspirándose na obra escrita polo avogado defensor de Romasanta, Sr. Rúa Figueroa, no ano 1859. Antes ofrecéralle o argumento a Camilo José Cela para que fixese el a novela, mais este rexeitouno e foi cando se decidiu a escribila el mesmo.



Portada *El Bosque de Ancines*

MANUEL BLANCO.



UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

ROMANCE HISTÓRICO,

el que manifiesta los horrorosos asesinatos cometidos en Galicia por Manuel Blanco Romasanta, de edad de 43 años, vecino de Regueiro, partido de Altariz, transformándose en lobo por una maldición que su padre le había echado, comiéndose las personas que mataba, como á sido descubierto y el juez de dicho partido le ha aplicado la pena de muerte en el mes de junio de 1853.

*Oigan de esta maldición
que un padre á un hijo le ha echado
que en lobo se ha transformado,
sin tenerle compasión.*

*Ved esta causa marchar,
este crimen sin segundo,
que horroriza á todo el mundo,
venid padres á escuchar.*

Romance Histórico

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

la humanidad va á manchar,
esta triste confesion,
sin usar de compasion,
un padre desenfrenado
á su hijo ha señalado,
oigan de esta maldicion.

Cuando trece años tenia
Manuel Blanco Romasanta,
una maldicion por manta
sobre este infeliz venia,
do el sudor de la agonía;
la maldicion que le ha echado,
el Señor que le ha escuchado
la peticion que decia,
luego se la concedia,
que un padre á un hijo le ha echado

Hay algunos que asi cuentan,
que todas las maldiciones
son como las procesiones,
que de donde salen entran;
no es verdadera tal cuenta,
pues en Galicia se ha hallado
hoy el caso mas pesadó,
maldiciendo un padre á un hijo,
y se ha visto claro y fijo
que en lobo se ha transformado.

Ya voy á satisfacer
de estos hechos horrorosos,
que en treinta años penosos
Manuel Blanco vino á hacer;
tiempo en que vino á traer
consigo esta maldicion,
dicho en su declaracion
que delante de su madre

le ha maldecido su padre
sin tenerle compasion.

Cuando hombre llegó á ser
toma oficio de tendero,
y de un pueblo á otro ligero
va con su tienda á vender;
en la Sierra Couso al ver
dos lobos una mañana,
pierde su figura humana,
despues que se ha desuulado
dos ó tres buecos ha dado
y de lobo se miraba.

Con los otros dos unidos
los tres por la Sierra andaban,
y á todos los que mataban
eran de los tres comidos;
cinco dias de seguido
los tres lobos así andaron,
y despues recuperaron
la forma humana los tres;
admirado queda al ver
que todos eran humanos.

De esta misma maldicion
los tres esclavos estaban,
y su vida la pasaban
con esta mala iutencion;
era toda su ambicion
despedazar á las gentes,
sin mas armas que sus dientes,
y despues se los comian;
estos crímenes hacian
con bastantes inocentes.

Iba engañando á las gentes,
de pueblo en pueblo Manuel,

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

diciendo que en Santander
acomodaba sirvientes;
Antonia Rua inocente
y á sus dos hijas se lleva
y en san Mamed en una cueva,
á las tres las ocultaba,
á todas tres devoraba,
esta fiera allí se ceba.

Aquel cebo se le acaba
y vuelve segunda vez,
á Josefa y su hijo Andrés
del mismo modo engañaba,
á la cueva los llevaba
aquele mónstruo maldecido,
en lobo ya convertido,
sacrificándolos luego
segunda vez tiene cebo,
de humanos es mantenido.

¡Oh Dios de inmensa bondad!
cuántos crímenes va á hacer!
vuelve por tercera vez
á ejecutar su maldad;
á Manuela y su hija Paz
ya se las lleva engañadas,
vais á ser despedazadas
y pasto de aquella fiera;
Señor de cielos y tierra,
que acaben sus atentados!

Tú, Sierra de San Mamed,
que esta fiera te ha escogido
para que seas abrigo
de tan cruel proceder;
ábrete y trágatela,
que no lave mas sus manos

en la sangre de cristianos,
que aun piensa en derramar,
acaba de consolar
á tus vecinos humanos.

Pasa el tiempo, y cuarta vez
aun no queda satisfecho
aquele inhumano pecho
de carne humana comer;
sus lazos vuelve á estender,
á Benita y á su hijo engaña,
de San Mamed, en su montaña,
en su horrible matadero,
se convierte en lobo fiero.
y su apetito le baña.

La Sierra de San Mamed
ya no quiere dar abrigo
á este infernal enemigo,
de allí se marcha Manuel
con aquella idea cruel
iba dando inconsuelos;
á la orilla de Fornelos
á una anciana se comía,
da disgustos cada día
á padres, hijos y abuelos.

La divina Providencia
no lo quiere descubrir,
conformarnos y sufrir
llevándolo con paciencia;
no quedará sin sentencia
ni tampoco sin castigo,
que nuestro Dios es testigo
y su premio le dará,
y en él un dia se verá
que se le acabe el abrigo.

UN PREGO
DE CORDEL
DESCONOCIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

Aquesta indómita fiera,
con el nombre de tendero
y las entrañas de acero,
se pasca por la tierra;
esta vez va á hacer la guerra
en la Sierra de Alvar, un dia,
á un pastorcito cogia,
al momento le ha matado,
esta fiera se ha cebado,
su apetito asi queria.

De Galicia se ha salido,
á Castilla se venia
con otros en compagnia;
en esta no le ha valido,
de Escalona, en su partido,
que es provincia de Toledo,
alli sus tres compañeros
le acusan de criminal,
y principia á declarar,
donde lo cargan de hierro.

El juez llama al acusado
y le toma indagatoria,
este con feliz memoria
sus hechos ha declarado;
á Galicia le han mandado,
al juzgado de Ailariz,
que es donde debe sufrir
el castigo merecido,
pues esta tierra ha sufrido
de infamias no tienen fin.


Este juez con mucha calma
le principia á preguntar,
y este se pone á cantar
como el pájaro en la rama;
sereno y con voz muy clara,
su confession la seguia;
en ella al juez le decia,
cuando á alguno muerte daba,
la ropa se la guardaba
para venderla otro dia.

En treinta años que ha llevado
encima esta maldicion,
dice en su declaracion,
otras muertes que ha causado,
su conciencia ha descargado;
al calabozo le meten,
ya es evidente su muerte,
pues asi Dios lo ha querido,
que pague este maldecido
las victimas inocentes.

En este año presente
que cuenta el cincuenta y tres,
en el mes de junio, el juez
á un enemigo tan fuerte,
la ley le aplica de muerte;
todos asi lo esperaban,
que sus crímenes pagara,
que este vino á ejecutar
en contra la humanidad.
¡Oh qué maldicion tan rara!

Es propiedad de Eugenio Bahamontes.

MADRID:—1853.
Imprenta de D. José María Marés, calle de Relatores, número 17.




2012

Prego Cordel Romasanta

Nos anos 70 e 80 non se publicou, que saibamos, nada salientable, aínda que no campo cinematográfico o director Pedro Olea fixo a famosa película "El Bosque del Lobo", baseada na novela de Martínez-Barbeito, na que José Luis López Vázquez encarna a Benito Freire. A película, que foi gravada en paraxes ourensás, segue bastante fielmente a novela e tivo bastante éxito polo atrevemento e a truculencia do seu argumento, afastándose da típica, tópica e inocente visión folclórica da Galiza de gaita e romaría. Polo visto tivo problemas para a súa exhibición debido á censura da época.

En 1991 publícase o estupendo libro *O home do unto. Blanco Romasanta. Historia real de una leyenda*, de José Domínguez e Lino Blanco, editado pola Deputación de Ourense (en oitavo maior, en cartoné, de 143 páxinas), sobre a realidade histórica do mito. Fai unha análise pormenorizada da vida de Romasanta, da súa época, dos crimes que cometeu, do desenvolvemento do proceso xudicial, dos lugares onde ocorreron os feitos, acompañado con estudos do historiador Enrique Bande sobre a figura do lobishome en Galiza e unha reconstrución fisionómica por parte do escritor e hoxe xefe superior de Policia de Galiza, Luis García-Mañá. É, polo de agora, o traballo definitivo e máis completo arredor do mito. Tivo unha tirada demasiado curta para o seu interese, merece unha reedición actualizada, pero agradécese que se poida consultar a obra en Internet con algunha actualización en www.galipress.com, co título de *Romasanta: memoria cierta de una leyenda*.

Nos anos 90, o libro *Lobos, lobas y lobishomes*, do antropolólogo gallego Xosé



Portada de *O Home do Unto*

Ramón Mariño Ferro (Edicións do Cumio, 1996), dedícalle unhas páxinas (da 68 á 71) ao tema de Romasanta. Nel abórdate unha valoración antropolóxica do mito do lobo na cultura galega, recompilando contos de lobos, as tradicións de "lobos da xente" (que serían os lobishomes) e dos "peeiros dos lobos", que sería xente que non padece licantropía pero que domina as mandas de lobos, podendo vivir entre eles ou non e incluso pedirles un "imposto" aos aldeáns para que os lobos non ataqueen o gando.

No cambio de século, a obra de Alfredo Conde Romasanta. *Memorias Incertas do Home Lobo* (Editorial Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2004) volveu traer de novo a conto o mito, dende unha óptica diferente, relatando a historia de Romasanta en primeira persoa e tratando o personaxe non coma un enfermo de licantropía sen responsabilidade dos seus

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

Romasanta

Memorias incertas do home lobo

Alfredo Conde

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA



Portada de *Memorias Incertas do Home Lobo*

crimes, senón dende o punto de vista dun “serial killer”, un psicópata frío e calculador que sabía perfectamente o que facía e era absolutamente responsable dos seus actos.

Segundo o seu autor, sería unha reivindicación da versión transmitida durante anos na súa familia, xa que un antepasado seu fora un dos médicos de Allariz que examinara o reo e dera un informe pericial favorable a que era unha persoa perfectamente normal.

A isto habería que obxectar que, aínda que os informes periciais estivesen posiblemente á altura da ciencia da época, empregaron, entre outros métodos de valoración, disciplinas tan pouco “científicas” como a craneoscopia e as teorías da frenoloxía para determinar o carácter e temperamento de Romasanta, informes

cuxa validez hoxe sería máis que discutible dende o punto de vista da psiquiatría actual, aínda que non exentos de datos de interese.

No ano 2003 Paco Plaza dirixiu a película *Romasanta: La Caza de la Bestia*, da productora Filmax, baseada, segundo os autores, aínda que non o pareza, no libro de Alfredo Conde. Nela faise unha recreación bastante fantástica e inverosímil da historia, con Julian Sands e Elsa Pataky como protagonistas. Na nosa opinión é unha película que non aproveita en absoluto todo o potencial dramático e terrorífico que ten a historia, e ten como único mérito o de pór o mito de Romasanta na actualidade na escena internacional do cine de terror. Particularmente consideramos fóra de lugar elementos como o carromato de cíngaro en que se fai viaxar o tendeiro por todo o país, incluída a serra de San Mamede e do Invernadoiro, que non duraría nin un asalto nas nosas “corredoiras” e “congostras” (o personaxe histórico viaxaba nunha mula).

Despois desta película parece que os medios se lembraron por fin da historia de Manuel Blanco Romasanta e apareceron citas a mans cheas e referencias ao caso do home lobo en numerosos libros de divulgación sobre criminais en serie, programas de televisión sobre fenómenos paranormais e artigos en revistas do ramo, que non fixeron, polo xeral, máis que repetir todo o xa coñecido da historia, sen achegarlle nada novo nin esclarecedor ao mito, cando non inventar hipóteses sen fundamento e sen citar fontes nas que se basean.

Porén si foron interesantes outros traballos menos coñecidos, como os realizados no eido da psiquiatría, como p. ex. a

XOSÉ RAMÓN MARIÑO FERRO

MANUEL^a, BRANCO ROMASANTA,

O LOBISHOME ASASINO



NIGRATREA

Portada de Memorias
Incertas do Home Lobo

comunicación “*El hombre-lobo de Allariz 1853, una visión desde la psiquiatría actual*”, de D. Simón Lorda, G. Flórez Menéndez psiquiatras do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Ourense, publicado no Anuario Revista Gallega de Psiquiatría y Neurociencias, Volumen Galicia 2004, nº. 8, onde por vez primeira se identifica debidamente o Dr. Phillips, e onde tamén se fai referencia a outros traballos e artigos de interese que áinda non puideremos ler, entre eles o de Celso Emilio Ferreiro, “*Un caso de licantropía*”, Tribuna Médica 29, 3 (1974); o de María Jesús García Álvarez e Irene Esperón, “*O Caso de Manuel Blanco Romasanta: Unha ollada dende a Psiquiatría*” en Jornadas de Historia de la Psiquiatría y de la Psicología. Hospital Psiquiátrico Rebullón (Vigo, 1996, sen publicar); e o artigo de Xulio Prada

Rodríguez no nº. 275 da revista Historia 16 (páxinas de 141 a 148), co título “*El hombre Lobo de Allariz*”. Para finalizar tamén se podería citar a obra Ferrín e outras historias do psiquiatra ourensán Santiago Lamas, Edicións Do Castro 2007, que no capítulo “*De lobos, homes e lobishomes*” (páxs. 177 ao final) fai un percorrido extenso relacionando a figura dos lobos, lobishomes e dos psicópatas e asasinos en serie.

Cando xa estaba este artigo rematado e case no prelo saíu publicado outra obra importante e de referencia sobre o tema Romasanta, *Manuela Branco Romasanta, O lobishome asasino*, de Xosé Ramón Mariño Ferro, Editorial Nigratrea, 2007. Está escrito en cuarto menor, encadernado en tapas duras e consta de 195 páxinas.

O libro, imprescindible, afonda na hipótese, da que non falamos neste artigo, de que Romasanta sufriu de hermafroditismo (posiblemente feminino), que nacera como muller e despois coa puberdade adquirise características masculinas, baseándose en que na Parroquia de Santa Baía de Esgos únicamente aparece unha Manuela Blanco Romasanta como bautizada alí, que coincide en idade con Manuel Blanco Romasanta. Segundo esta obra “esta sería a razón dos seus comportamentos efeminados, saber facer traballos mullerís, e outros indicios como o de que -segundo contaba Vicente Risco- Romasanta pasara o tempo no cárcere fiando e vestido cunha muradá (peza típica da vestimenta feminina). Eses desaxustes poderían ser explicación do seu comportamento psicopatológico posterior.

Esta obra trae como novedades unha recensión da causa e inclúe fotografías

UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA

**UN PREGO
DE CORDEL
DESCOÑECIDO
SOBRE O CASO
DE MANUEL
BLANCO
ROMASANTA**

de sentenzas, cartas, etc. extraídas dela; no apéndice trae recortes dos xornais da época que falaban do caso e tamén unha copia parcial do prego de cordel obxecto deste artigo (sen citar fontes de procedencia, sen descripción bibliográfica, non pon data de impresión, imprenta, número de páxinas, nin sequera un pé de foto descriptivo das fotografías). Tamén son moi interesantes os sucesos e situacions dialogadas -incluídas as confesións e declaracions da causa-, que semellan dramatizados para crear un meirande efectismo, e outros datos concretos que non aparecen en libros anteriores, como por exemplo un relato detallado do descubrimento da man no pote do caldo. De todos estes datos é unha mágoa que non se citen os informantes ou as fontes (como se fai decote noutros traballos antropolóxicos), pois son datos útiles para futuras investigacions. Ao remate achega un estudo interdisciplinar sobre o caso (entre outras

cousas sobre a posible patoloxía que pudo sufrir Manuel Blanco para actuar así).

Finalmente, hai que dicir que na fotografía da páxina 22 hai un erro, dise que é de Rebordechao cando é do cruzamento de rúas na “Pedra da Cruz”, barrio da Rivela, de Castro de Laza (e as cabras que aparecen retratadas son as que leva xeralmente o veciño Juan Pacheco).

Con todo o exposto cremos que é suficiente para dar unha visión da bibliografía existente sobre o caso do famoso licántropo ourensán. E fronte ao que moitos afirman, que é un tema no que case non hai nada que achar, para demostrar que aínda hai cousas que descubrir, realizamos a nosa engádega ao mito reproduciendo, coa autorización de Francisco Mendoza Díaz-Maroto (agradecémoslle novamente a súa xenerosidade), o prego de cordel citado anteriormente para que poidan gozar da súa lectura despois de máis de século e medio dende a súa publicación.